https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA *NIF: V15859481 - RELGA: CO 2002/01*
Polígono Industrial Bertoa, Parcela G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña) – Tel: 981. 416. 000

CONTA XERAL EXERCICIO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO COSTE E RENDEMENTO DOS SERVIZOS

1.- INTRODUCIÓN

A teor do establecido no art. 211 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e na regra 48.3 a) da Instrución de contabilidade para a administración local (modelo normal), aprobada pola Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro de 2013, os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes e demais entidades locais de ámbito superior, acompañarán a Conta xeral unha memoria xustificativa do custo e rendemento dos servizos públicos.

En base ao anterior elabórase a presente memoria que se refire única e exclusivamente ao Consorcio Provincial contra incendios e salvamento da Coruña, para incorporarse ao expediente da Conta Xeral do exercicio 2025 da Deputación Provincial da Coruña, como ente de adscrición.

A contabilidade analítica configúrase como un dos instrumentos que permite obter información útil para a toma de decisións no ámbito da xestión dos recursos, tanto na empresa privada como no sector público.

A actuación das Administracións Públicas non só debe estar presidida polo cumprimento da legalidade vixente, senón que é necesario que esa actuación se desenvolva co emprego do menor número posible de recursos económicos e alcanzando os obxectivos prefixados.

Existe unha crecente preocupación no Sector público español en tentar mellorar a eficiencia dos servizos implantando instrumentos que permitan implementar a racionalidade na xestión dos recursos públicos a través de axudas á presupuestación, planificación e control do gasto, fundamentalmente.

Pois ben, unha das técnicas fundamentais para logralo é a que achega a Contabilidade Analítica, entendida non como un esforzo puntual senón como un Sistema que permita a obtención periódica de información relevante.

Como antecedentes normativos e prácticos nesta materia dentro do ámbito público xeral e local, destacan as seguintes referencias:

- Manual de Contabilidade de Custos para as Corporacións Locais (1976)
- Lei Xeral Orzamentaria de 1977
- Plan Xeral de Contabilidade Pública de 1981
- Plan Xeral de Contabilidade Pública Grupo 9 contabilidade analítica (IGAE 1983)
- Proxecto CANOA (Contabilidade analítica normalizada de organismos autónomos IGAE-1994)
- Principios Xerais sobre Contabilidade Analítica das Administracións Públicas. (IGAE-2004)
- Guía para a Implantación dun Sistema de Custos na Administración Local (FEMP- 2006)
- Manual de Procedemento para a implantación dun sistema de custos na Administración Local (FEMP-2011)
- Resolución de 28/07/2011 da IGAE, pola que se regulan os criterios para a elaboración da información sobre os custos de actividades e indicadores de xestión a incluír na memoria das contas anuais do PGCP (IGAE-2011)
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (ICAL 2013)

A entrada en vigor, con data do 1 de xaneiro de 2015, da nova Instrución de contabilidade para a Administración Local, aprobada por Orde

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

HAP/1781/2013, do 20 de setembro, supón un cambio importante na información a incluír na memoria anual, o que obrigou a facer adaptacións informáticas nas aplicacións contables dos Entes Locais.

Por este motivo, a propia norma estableceu a non obrigatoriedade da inclusión da información sobre custo das actividades e dos indicadores de xestión nas contas correspondentes aos exercicios contables de 2015 e 2016. (Disposición transitoria terceira).

Concluído este período, atopámonos agora na obriga, como xa se fixo dende exercicio 2018, de elaborar a información de custos correspondente ao exercicio económico 2023 que se concretou no seguinte documento.

Como referencias para a dita tarefa consideráronse todos os manuais e normativa indicada anteriormente, e en especial as dúas normas máis actualizadas de aplicación, que lembramos son:

- Resolución de 28/07/2011 da IGAE, pola que se regulan os criterios para a elaboración da información sobre os custos de actividades e indicadores de xestión a incluír na memoria das contas anuais do PGCP.
- A Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a nova Instrución de contabilidade para a Administración Local (modelo normal).

2.- DEFINICIÓNS PREVIAS

Inclúense os conceptos máis relevantes recollidos no documento *"Principios Xerais sobre Contabilidade Analítica das Administracións Públicas"* (a partir de agora IGAE/2004) así como, na Resolución de 28/07/2011 da IGAE.

Sistema de Contabilidade Analítica: Conxunto de técnicas contables que permite o estudo dunha organización, tanto desde o punto de vista orgánico como funcional, mediante a análise detallada dos seus compoñentes co obxectivo de obter información relevante sobre o proceso de formación de custos e ingresos tanto temporal como cualitativamente, de maneira eficiente.

Custo: É a valoración monetaria dos consumos necesarios realizados ou previstos pola aplicación racional dos factores produtivos na obtención dos bens, traballos ou servizos que constitúen os obxectivos do suxeito contable.

Ingresos: A Contabilidade Analítica aplicada ao ámbito público tratará todos os ingresos, calquera que sexa a súa natureza, aparezan ou non vinculados á actividade que se realice. Desta forma consideraranse ingresos os derivados da venda dos bens ou servizos prestados polo ente, os procedentes de multas e sancións que garden relación coas actividades realizadas e as cantidades recibidas en concepto de transferencia, pública ou privada.

Obxecto de Custo: Mediante tal expresión faise referencia a toda magnitude mensurable en termos de Contabilidade Analítica que, por ser relevante para a toma de decisións nos ámbitos de planificación e control dentro dunha organización, convértese en obxectivo de cálculo no proceso de determinación de custos. Clasifícanse en:

- *Elementos de Custo*: Son elementos de custo cada unha das categorías significativas en que se clasifican os consumos dunha organización agrupados polas súas características económicas e o nivel de información que requira o suxeito contable.
- *Centro de Custo*: Lugar, físico ou non, onde, como consecuencia do "proceso produtivo", consómese toda unha serie de recursos que se incorporan ás actividades, entendidas estas en un sentido amplo como o conxunto de operacións de todo tipo que crean produtos e servizos.
- *Actividades*: Actividade é o conxunto de actuacións que ten como obxectivo a utilización combinada de factores nun proceso produtivo para obter bens ou prestar servizos, coa suficiente importancia relativa como para determinar a súa individualización.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

Cargas Incorporables: Aquelas que sexan atribuíbles ao suxeito contable por formar parte do custo dun ou varios centros e/ou actividades para o período en estudo. Pódense corresponder con gastos do orzamento ou cálculos internos do ente ou estar integrados no orzamento ou cálculo interno doutro Ente Público.

Cargas non Incorporables: Aquelas que non se considera que contribúen a formar o valor engadido da actividade produtiva da organización, ben por razón do período (custos doutros exercicios), por non corresponderse coas actividades propias da organización, ou ben pola súa natureza (adquisición de inmobilizado, adquisición de materias almacenables).

Sub-actividade estrutural ou endóxena: Desocupación nun período determinado non producida pola infrautilización de factores (custos fixos) consecuencia dunha sobredimensión, senón que se deriva das características propias do proceso produtivo nunha organización determinada. Podería dicirse que existe un exceso de capacidade necesario para alcanzar os obxectivos da organización, que implica a infrautilización de recursos e unha sub-actividade necesaria.

Sub-actividade exógena: Expresión do cálculo da parte do custo que pode asignarse á desocupación produtiva nun período determinado pola falta de utilización ou por un uso inferior ao "normal" dos factores produtivos.

Grao de cobertura de custos: Diferenza entre os custos das actividades e os ingresos a elas vinculados e que poñerá de manifesto en que medida estes, os ingresos, financian a aquelas, as actividades.

Criterios de repartición: Ferramenta formal que permite distribuír os elementos de custo entre distintos obxectos de custo (centros, actividades) ou entre os diversos obxectos de custo nas súas relacións entre si. A clave de repartición estará constituída por un factor cuxa medida é facilmente determinable e cuxo valor é proporcional ao verdadeiro consumo de custos.

Persoa equivalente: O concepto de persoa equivalente utilizado pola IGAE equivale a un parámetro que fai homoxénea a relación acode/tempo atendendo ás situacións individuais (baixa, absentismo, tipo de xornada laboral) de cada persoa, e a súa relación cos obxectos de custo para un período determinado. Esa relación fai que se considere como base de proporción (unha persoa equivalente) a prestación da xornada que en cada caso se considere normal ou habitual.

Exemplo.- Unha persoa traballa media xornada por solicitar redución da mesma. Considérase 0,5 persoa equivalente respecto dunha persoa que traballa a xornada completa.
O resultado de dividir o nº de horas efectivamente realizadas entre o nº de horas teóricas a realizar por un empregado de iguais características que traballase a xornada completa durante todo o ano, dános o dato de persoa equivalente, que será 1 cando o nº de horas realizadas é = ao nº de horas teóricas do colectivo ao que pertence o empregado e < que 1 cando é menor.

3.- MODELO DE CONTABILIDADE ANALÍTICA DO CONSORCIO

A ICAL/2004 contempla tres posibilidades aceptables de "Sistemas de traballo de contabilidade analítica nas Administracións públicas" (modelo que contempla só o estudo de centros de custo, modelo que contempla só o estudo de actividades e modelo que contempla o estudo de centros de custo e actividades).

No entanto, coa entrada en vigor da nova ICAL/2013, o modelo de custos deberá adaptarse, ademais, aos criterios establecidos na Resolución da IGAE do 28 de xullo de 2011.

No estudo de custos de 2025 o modelo que se utilizou foi o modelo que contemplaba só actividades debido a que existían varios motivos que dificultaban a opción do modelo completo.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

DEFINICIÓNS:

A.- ACTIVIDADES/SERVIZOS

A ICAL/2004 define como actividade o "conxunto de actuacións que teñen por obxecto a obtención, mediata ou inmediata dun produto, ben ou servizo, mediante un proceso produtivo no que se incorpora un valor engadido"; e o produto ou servizo será o "ben ou servizo resultado dunha actividade ou dun conxunto delas. Nivel máximo de desagregación dunha actividade".

Canto á Resolución do 28 de xullo de 2011, concreta máis a definición ao indicar que é o "conxunto de actuacións que ten por obxectivo a utilización combinada de factores nun proceso produtivo para obter bens ou prestar servizos, coa suficiente importancia relativa como para determinar a súa individualización".

Nestas definicións vese que existe unha identificación conceptual entre actividade e produto ou servizo, despois de que para obter un ben ou servizo é preciso realizar determinadas tarefas ou actividades.

Con todo, nun sentido máis estrito, non todas as actividades están vinculadas á obtención de bens ou servizos destinados directamente ao seu goce polos usuarios que os demandan. Ao contrario, en todas as organizacións é preciso levar a cabo toda unha serie de tarefas que non se relacionan de forma inmediata cos consumos efectuados polos usuarios finais.

En calquera caso, toda actividade, sexa cal sexa a súa natureza, caracterízase porque orixina unha serie de inputs ou consumos de factores -representados polos correspondentes elementos de custo- e xera un conxunto de outputs -identificados polos correspondentes criterios de repartición -, con independencia de que estes sexan destinados o seu desfrute por clientes externos ou internos á organización -si se consumen no desenvolvemento doutras actividades ou constitúen tarefas necesarias para o soporte e funcionamento xeral desta-.

No noso modelo, distínguense 3 tipos de actividades:

- *Actividade Finalista ou Principal (APR)*: Actividade tendente á realización inmediata dos outputs, bens e servizos, que constitúen o obxectivo dunha organización.
- *Actividade Auxiliar (AAU):* Actividade que serve de soporte ao proceso produtivo dunha maneira mediata.
- *Actividade Directiva, Administrativa e Xeral (ADA):* Actividade realizada polos centros de igual denominación, ou polos centros mixtos no seu caso, que constitúen o soporte administrativo e de dirección de toda organización. A súa diferenza coas actividades auxiliares radica, fundamentalmente, en non estar relacionadas directamente co proceso produtivo como tal.

A relación de actividades definidas polo Consocio son as seguintes:

ACTIVIDADES		
Código	Descrición	Tipo Centro
DOC	EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS	Actividade Principal
RESGAL	EQUIPOS COMUNICACIÓN	Actividade Auxiliar

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

SEDE00	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS SEDE ADMINISTRATIVA	Actividade DAG
SPEIS01	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS CARBALLO	Actividade Principal
SPEIS02	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ARTEIXO	Actividade Principal
SPEIS03	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS BOIRO	Actividade Principal
SPEIS04	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS RIVEIRA	Actividade Principal
SPEIS05	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ORDES	Actividade Principal
SPEIS06	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ARZÚA	Actividade Principal
SPEIS07	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS BETANZOS	Actividade Principal
SPEIS08	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS AS PONTES	Actividade Principal
SPEIS09	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS CEE	Actividade Principal
SPEIS10	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS SANTA COMBA	Actividade Principal

B.-ELEMENTOS DE CUSTO

Os elementos de custos, constitúense como agregados contables de primeiro nivel que haberá que ter en consideración na análise da estrutura do proceso de formación do custo das actividades finais do Consorcio.

A IGAE defíneos como “cada unha das categorías significativas en que se clasifican os consumos dunha organización, agrupados polas súas características económicas e o nivel de información que requira o suxeito contable” (IGAE 2004 e Resolución do 28 de xullo de 2011).

No caso do Consorcio, o nivel de información utilizado foi a clasificación económica do orzamento de gastos. Os compoñentes desta clasificación materialízanse, fundamentalmente, nas obrigacións recoñecidas anualmente a cargo do orzamento.

Como catálogo de elementos de custo, tidos en conta neste estudo (definidos nas normas anteriores), destacan:

- *Custos de persoal* : Retribucións ao persoal, calquera que sexa a forma ou o concepto polo que se satisfán, cotas a cargo da entidade aos réximes de Seguridade Social e de pensións do persoal ao seu servizo e os demais custos de carácter social do persoal dependente da mesma.

- *Adquisición de bens e servizos:* Recolle o custo de mercadorías e demais bens consumidos polos centros e/ou as actividades que realizou o Organismo no exercicio económico que pola súa escasa importancia non teña a calidade de almacenable. Comprende tamén os traballos que formando parte do proceso de produción propia, encárguense a outras empresas.

- *Servizos Exteriores:* Servizos de natureza diversa adquiridos pola entidade (non incluídos en adquisición de bens correntes e servizos que formen parte do proceso de produción), que non forman parte do prezo de adquisición do inmobilizado ou dos investimentos financeiros temporais.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

- *Custos de investigación e desenvolvemento do exercicio*
- *Arrendamentos e Canóns:* Importe percibido polo aluguer de bens, mobles e inmobles, así como as cantidades fixas ou variables que se satisfán polo dereito ao uso ou á concesión de uso das distintas manifestacións da propiedade industrial.
- *Reparacións e conservación:* Custo de sostemento dos bens contabilizados no Grupo 2 do Plan de contas.
- *Transportes*
- *Servizo de profesionais independentes*
- *Subministracións:* Recolle o custo daqueles elementos de abastecemento que teñen a característica de non almacenables.
- *Servizos bancarios e similares*
- *Publicidade, propaganda e relacións públicas*
- *Comunicacións*
- *Custos diversos*

➢ *Tributos.* Tributos esixidos á entidade cando esta sexa contribuínte, excepto, si os tributos deben contabilizarse noutras contas, como os que incrementan o gasto por compras realizadas.

No caso concreto do Consorcio, os elementos de custo que se expoñen a continuación constitúen as **cargas incorporables** ao proceso de cálculo de custos de este estudo e serán imputados as actividades, ben como custos directos ou ben como custos indirectos.

As cargas **non incorporables** ao proceso de cálculo de custo, é dicir, aquelas que non se considera que contribúen a formar o valor engadido da actividade produtiva da organización, foron a adquisición de inmobilizado e a inversión en infraestruturas.

a) Custos de persoal

- Remuneracións
- Cotizacións sociais a cargo do concello
- Indemnizacións por razón do servizo
- Outros custos sociais

REMUNERACIONS		
Clasificación económica	**Descrición**	**Obrigas Recoñecidas**
12000	Sueldos del Grupo A1. Retribucións básicas	21.232,65
12001	Sueldos del Grupo A2. Retribucións básicas	16.988,16
12003	Sueldos del Grupo C1. Retribucións básicas	21.549,41
12004	Sueldos del Grupo C2. Retribucións básicas	17.356,87
12006	Trienios. Retribucións básicas	3.869,64

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

12100	Complemento de destino. Retribucións complementarias	46.886,84
12101	Complemento específico. Retribucións complementarias	101.816,85
12103	Otros complementos	95.049,33
13000	Persoal laboral.Retribucións básicas	2.100.084,70
13001	Horas extraordinarias	465.068,88
13002	Persoal laboral. Outras remuneracións	3.080.657,00
13100	Persoal laboral temporal	258.215,91
13101	Horas extras persoal laboral temporal	42.516,25
13102	Persoal laboral temporal.Outras remuneracións	293.725,10
13103	Indemnizacións persoal laboral	19.875,45
15000	Produtividade	9.052,00
TOTAL		**6.593.945,04**

COTAS SOCIAIS A CARGO DO CONCELLO		
Clasificación económica	**Descrición**	**Obrigas Recoñecidas**
16000	Seguridade social	**2.997.725,02**

INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO		
Clasificación económica	**Descrición**	**Obrigas Recoñecidas**
23300	Outras indemnizacións (órganos de goberno)	24.020,00
23020	Dietas do persoal non directivo	995,92
23120	Locomoción do persoal non directivo	9.561,00
TOTAL		**34.576,92**

OUTROS CUSTOS SOCIAIS		
Clasificación económica	**Descrición**	**Obrigas Recoñecidas**
16209	Outros gastos sociais	57.324,31
TOTAL		**57.324,31**

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

b) **Adquisición de bens e servizos**

O Consorcio non é un organismo inversor polo que as inversións non se consideran custo das actividades ás que van destinadas

c) **Servizos exteriores**

- Arrendamentos
- Reparacións, mantemento e conservación
- Servizo de profesionais independentes
- Subministracións
- Comunicacións
- Custos diversos

ARRENDAMENTOS		
Clasificación económica	**Descrición**	**Obrigas Recoñecidas**
20600	Arrend.equip.proc.informa	54.077,98
TOTAL		**54.077,98**

REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN		
Clasificación económica	**Descrición**	**Obrigas Recoñecidas**
21200	Edificios e outras constru	21.420,07
21300	Maqu., instalac.y utillax	161.388,90
21400	Elementos de transporte.	150.247,94
21500	Mobiliario	214,17
21900	Outro inmobilizado materia	4.245,77
TOTAL		**337.516,85**

SERVIZO DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES		
Clasificación económica	**Descrición**	**Obrigas Recoñecidas**
22604	Xurídicos, contenciosos.	11.999,90
22700	Limpeza y aseo.	188.306,92

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

22706	Estudos e traballos técnicos	1.260,00
22799	Outros traballos realizados	21.451,05
TOTAL		**223.017,87**

SUBMINISTRACIÓNS		
Clasificación económica	**Descrición**	**Obrigas Recoñecidas**
22100	Subministración de Enerxía Eléctrica	74.058,46
22101	Subministración de Auga	4.492,37
22102	Gas	31.519,64
22103	Subministración de combustible e carburantes	132.183,53
22105	Productos alimenticios	1.518,00
22106	Produtos farmacéuticos e material sanitario	716,00
22110	Produtos de limpeza e aseo	8.575,05
22111	Subministros de repostos de maquinaria, ferram e transp	5.760,71
22112	Sum.Mat.electrónico, eléctrico e de telecomunicac.	1.121,67
22199	Outras subministracións	22.427,94
TOTAL		**282.373,37**

COMUNICACIÓNS		
Clasificación económica	**Descrición**	**Obrigas Recoñecidas**
22200	Servizos de Telecomunica	4.325,00
22201	Postais.	896,65
TOTAL		**5.221,65**

GASTOS DIVERSOS		
Clasificación económica	**Descrición**	**Obrigas Recoñecidas**
22000	Ordinario non inventariable	1.873,50

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

22001	Prensa, revistas e libros	4.767,25
22002	Mat.informático non inventariable	10.659,96
22400	Primas de seguros	165.265,81
22601	Atencions protocolarias	177,70
22603	Publicación en Diarios Of	2.668,69
22699	Outros gastos diversos.	6.445,06
22708	Servizos de recadación	33.916,90
TOTAL		**225.774,87**

d) **Tributos**

TRIBUTOS		
Clasificación económica	**Descrición**	**Obrigas Recoñecidas**
22502	Tributos das EE.LL.	7.095,56

e) **Custos financeiros**

CUSTOS FINANCEIROS		
Clasificación económica	**Descrición**	**Obrigas Recoñecidas**
35200	Xuros de mora	90,32
35900	Outros gastos financeiros	195,00
TOTAL		**285,32**

C.-ELEMENTOS DE INGRESO

Os entes que integran as Administracións Públicas non constitúen organizacións que necesariamente operan nos mercados en condicións de competencia, financiando as súas operacións unicamente cos recursos que son capaces de xerar. Unha parte moi importante dos seus ingresos está completamente desvinculada da estrutura produtiva da organización, entendéndose esta vinculación como “non retribución” dos custos.

Así, os ingresos do Consorcio non proveñen exclusivamente de taxas e prezos públicos derivados dos servizos prestados, senón que as súas actividades son, en gran medida, financiadas a través de transferencias e/ou subvencións.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

O problema fundamental que se dá no ámbito dos elementos de ingreso, é a imposibilidade de conseguir unha completa vinculación directa entre os mesmos e as actividades que desenvolve o Ente, e en consecuencia a incapacidade do modelo de contabilidade analítica para informar sobre a rendibilidade destas actividades.

Agora ben, tendo en conta que nunha organización desta natureza a rendibilidade económica das actividades preséntase como un concepto carente de sentido e importancia, resulta máis correcto falar das chamadas marxes ou graos de, como indicadores que representan a capacidade que teñen as actividades realizadas e servizos prestados para autofinanciarse, e, no seu caso, as necesidades de financiamento.

Por tanto, aínda que nun principio poderiamos considerar a posibilidade de non tratar os ingresos no modelo de contabilidade analítica, considérase que a información que poden achegar os indicadores expostos pode ser moi útil para o xestor. Así, a propia IGAE establece que *"todo ingreso recibido por una organización tendrá la consideración de ingreso tratable por el Sistema de Contabilidad Analítica, independientemente de su afectación o no la una actividad concreta o de su consideración como ingreso corriente o de capital".*

Do mesmo xeito que no caso de gastos, a clasificación económica do orzamento determina a natureza do ingreso que pode ser:

- Taxas
- Prezos Públicos
- Transferencias Correntes
- Transferencias de Capital
- Outros Ingresos

En todo caso, outra clasificación básica a ter en conta será a seguinte:

- Ingresos afectados ás actividades
- Ingresos non afectados ás actividades

Nunha liña similar maniféstase a FEMP a través do seu manual de procedemento para a implantación dun sistema de custos na Administración Local.

4.- OBTENCIÓN DO CUSTO PRIMARIO

4.1.- RELACIÓN PARTIDAS/ACTIVIDADES

EQUIVALENCIAS ENTRE ACTIVIDADES/CENTROS DE CUSTO E AS CLASIFICACIÓNS DO ORZAMENTO 2022				
ACTIVIDADES /CENTROS DE CUSTO			CLASIFICACIÓN ORZAMENTO	
Código	**Descrición**	**Tipo**	**Clasificación orzamentaria**	**Descrición**
DOC	EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS	Actividade Principal	00/920	Sede Consorcio Administración Xeral
RESGAL	EQUIPOS COMUNICACIÓN	Actividade Auxiliar	00/136/20600	Sede Consorcio

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

				Servizo de prevención e extinción de incendios Arrendamento equipos proceso.información
SEDE00	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS SEDE ADMINISTRATIVA	Actividade DAG	00/136	Sede Consorcio Servizo de prevención e extinción de incendios
			00/912	Sede Consorcio Órganos de goberno
			00/920	Sede Consorcio Administración Xeral
			00/932	Sede Consorcio Xestión do sistema tributario
SPEIS01	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS CARBALLO	Actividade Principal	01	SPEIS Carballo
SPEIS02	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ARTEIXO	Actividade Principal	02	SPEIS Arteixo
SPEIS03	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS BOIRO	Actividade Principal	03	SPEIS Boiro
SPEIS04	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS RIVEIRA	Actividade Principal	04	SPEIS Riveira
SPEIS05	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ORDES	Actividade Principal	05	SPEIS Ordes
SPEIS06	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ARZÚA	Actividade Principal	06	SPEIS Arzúa
SPEIS07	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS BETANZOS	Actividade Principal	07	SPEIS Betanzos
SPEIS08	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS AS PONTES	Actividade Principal	08	SPEIS As Pontes
SPEIS09	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS CEE	Actividade Principal	09	SPEIS Cee
SPEIS10	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS SANTA COMBA	Actividade Principal	10	SPEIS Santa Comba

4.2.- IMPUTACIÓN CUSTO PRIMARIO A ACTIVIDADES

O custo primario das actividades estará constituído por:

- Os custos directos asignados ás mesmas, sen que sexa necesario a utilización de ningún método de reparto.

- Os custos indirectos asignados ás actividades mediante a utilización dalgún método de imputación cando non se poidan relacionar inmediatamente cun centro ou actividade.

Excepcións á relación directa clasificación- actividade e explicación das reparticións efectuadas:

- **Reparto do programa 136 (Prevención e extinción de incendios)**

→ A aplicación 00/136/1600 (Seguridade Social) imputouse a tódolos parques en función do custo directo de persoal de cada un deles coas seguintes porcentaxes:

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

Centro de Coste	Descrición	Tanto por Uno (0...1)
SPEIS01	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS CARBALLO	0,1070
SPEIS02	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ARTEIXO	0,1092
SPEIS03	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS BOIRO	0,1015
SPEIS04	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS RIVEIRA	0,0718
SPEIS05	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ORDES	0,1030
SPEIS06	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ARZÚA	0,1011
SPEIS07	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS BETANZOS	0,1078
SPEIS08	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS AS PONTES	0,1013
SPEIS09	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS CEE	0,1026
SPEIS10	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS SANTA COMBA	0,0948
TOTAL		**1,0000**

→ Os gastos das aplicacións que se relacionan a continuación repartíronse entre todos os parques a partes iguais

Orgánica	Programa	Económica	Descripción
00	136	16209	Outros gastos sociais
00	136	20600	Arrendamento equipos proceso información
00	136	21300	Mantemento e reparación de maquinaria, instalacións e ferramentas

→ Os gastos das aplicacións que se relacionan a continuación imputáronse ao centro de custo SEDE00 para o seu posterior reparto en función dos custes primarios

Orgánica	Programa	Económica	Descripción
00	136	22699	Outros gastos diversos

- **Programa 920 (Administración xeral)**

→ Os gastos de persoal dos económicos 13000 (Retribucións básicas), 13002 (Outras remuneracións) e 15000 (Produtividade) repartíronse de acordo co seguinte desglose:

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

Económica	Descripción	Centro de Coste	Descrición	Tanto por Uno (0...1)
13000	Retribuciones básicas.	DOC	EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS	0,0010
13000	Retribuciones básicas.	SEDE00	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS SEDE ADMINISTRATIVA	0,9990
13002	Otras remuneraciones.	DOC	EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS	0,0010
13002	Otras remuneraciones.	SEDE00	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS SEDE ADMINISTRATIVA	0,9990
15000	Productividad.	DOC	EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS	0,0006
15000	Productividad.	SEDE00	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS SEDE ADMINISTRATIVA	0,9994

→ Algúns dos gastos de servizos exteriores repartíronse entre as seguintes actividades coas porcentaxes que se indican
- 0,04% á actividade DOC “Expedición de documentos”
- 99,96% á actividade SEDE00 “Prevención/extinción incendios SPEIS sede administrativa”

Os económicos obxecto de este reparto foron

Orgánica	Programa	Económica	Descripción
00	920	22000	Material Oficina ordinario no inventariable
00	920	22002	Mat.informático no invent
00	920	22100	Enerxía eléctrica.
00	920	22101	Augua.
00	920	22102	Gas
00	920	22200	Servizos de telecomunicacións
00	920	22201	Postais
00	920	22700	Limpeza e aseo.
00	920	22799	Outros traballos realizados

5.- CRITERIOS DE REPARTICIÓN

No caso de custos indirectos será preciso levar a cabo un proceso de asignación de custos que nos obriga a establecer uns criterios de repartición entre as distintas actividades e, no seu caso, entre os centros de custo definidos e as súas actividades relacionadas.

Tal e como establece a IGAE/2004, o lóxico será empregar técnicas estatísticas para a elección da base de asignación do consumo do obxecto de custo.

Neste novo modelo os denominados criterios de repartición utilizaranse para imputar os custos dos centros/actividades prestadores aos seus posibles centros/actividades receptores. Son tanto unidades físicas como relativas (porcentaxes).

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

Doutra banda, distínguese a repartición primaria de custos e ingresos e a repartición secundaria. No primeiro caso a información flúe ao sistema obtendo datos directamente da contabilidade ou de sistemas relacionados. No segundo caso, o criterio de repartición será o que redistribuirá a repartición primaria.

Unha vez obtido o custo primario explicar que actividades van ser obxecto de este reparto (SEDE00) e os criterios adoptados

ACTIVIDADE	DESCRICIÓN	CRITERIO REPARTO	DESCRICIÓN CRITERIOS DE REPARTICIÓN
SEDE00	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS SEDE ADMINISTRATIVA	1	COSTE DIRECTO DE CADA PARQUE
RESGAL	EQUIPOS COMUNICACIÓN	2	PARTES IGUAIS PARA CADA PARQUE

6.- OBTENCIÓN DA MARXE DE COBERTURA DO SERVIZO

No caso da Administración Pública os conceptos de marxe e resultado deben ser entendidos dentro dun contexto de oferta de bens e servizos públicos onde os ingresos obtidos e os fins perseguidos presentan unha peculiaridade especial. O obxectivo fundamental de obtención de beneficios cede o seu posto ao que é o seu substitutivo no ámbito das organización sen fin de lucro: a eficiencia na prestacións de bens e servizos.
En consecuencia, hai que desbotar os conceptos xenéricos de beneficio e perda e substituílos polos mais axeitado de grado de cobertura de custes, que é a diferenza entre os custes das actividades e os ingresos a elas vinculados e que porá de manifesto en que medida estes, os ingresos, financian a aquelas, as actividades.

A continuación descríbense os ingresos cos que conta o Consorcio e cales se teñen en conta no estudo de custos.

6.1.- Afectados ás actividades

- Taxas

O criterio da imputación e reparto das taxas realizouse en función dos custes primarios:

32500	DOC	1
31900	SPEIS01	0,1070
31900	SPEIS02	0,1092
31900	SPEIS03	0,1015
31900	SPEIS04	0,0718
31900	SPEIS05	0,1030
31900	SPEIS06	0,1011

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

31900	SPEIS07	0,1078
31900	SPEIS08	0,1013
31900	SPEIS09	0,1026
31900	SPEIS10	0,0947
31901	SPEIS01	0,1070
31901	SPEIS02	0,1092
31901	SPEIS03	0,1015
31901	SPEIS04	0,0718
31901	SPEIS05	0,1030
31901	SPEIS06	0,1011
31901	SPEIS07	0,1078
31901	SPEIS08	0,1013
31901	SPEIS09	0,1026
31901	SPEIS10	0,0947

6.2.- Non afectados ás actividades

Transferencias xenéricas e recargas e xuros de mora

Respecto ao cálculo do **MARXE DE COBERTURA GLOBAL** tómanse como referencia os dereitos recoñecidos netos do exercicio e o custe total das actividades desenvolvidas, segundo o seguinte:
Dereitos recoñecidos netos totais: 14.820.929,70 €

O custo total das actividades ascende a: 11.006.554,74 €

Marxe de cobertura global

Fórmula aplicada:

Marxe de cobertura=Dereitos recoñecidos netos−Custo total actividades

MC=14.820.929,70−11.006.554,74= **3.814.374,96 €**

Custe por actividade

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

Actividade	Custo (€)	% sobre custo total
SPEIS Carballo	1.172.354,20 €	10,65 %
SPEIS Arteixo	1.185.190,85 €	10,77 %
SPEIS Boiro	1.118.245,82 €	10,16 %
SPEIS Ribeira	784.696,30 €	7,13 %
SPEIS Ordes	1.138.730,15 €	10,35 %
SPEIS Arzúa	1.121.822,99 €	10,19 %
SPEIS Betanzos	1.182.908,51 €	10,75 %
SPEIS As Pontes	1.116.566,74 €	10,14 %
SPEIS Cee	1.133.721,57 €	10,30 %
SPEIS Santa Comba	1.052.117,91 €	9,56 %
Expedición de documentos	199,70 €	0,00 %

- O servizo presenta unha marxe de cobertura positivo de 3,81 millóns de euros.
- O custo operativo absorbe aproximadamente o 74,26% dos dereitos recoñecidos netos.
- Existe unha estrutura de custos bastante homoxénea entre a maioría de parques SPEIS, salvo o SPEIS de Ribeira que presenta un custo significativamente inferior respecto ao resto de servizos por ter unha menor dotación de efectivos.
- O sistema global mantén capacidade de cobertura financeira, aínda que cunha marxe moderada para absorber incrementos de gasto futuros.

7.- INDICADORES DE ACTIVIDADES FINAIS: INDICADORES DE XESTIÓN

- Indicadores de eficacia: comparase o número de actuación realizadas no exercicio co número de actuacións previstas, nas que se toma como dato as realizadas no exercicio anterior.

Actividad	Descripción da Actividad	Número de actuaciones realizadas (1)	Número de actuaciones previstas (2)	Indicador A: (1)/(2)	Num. medio de actuaciones realizadas ejercicios anteriores (3)	Num. medio de actuaciones previstas ejercicios anteriores (4)	Indicador D: (1/2)/(3/4)
DOC	EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS	82	75	1,09	59,4	58,8	1,08
SPEIS01	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS CARBALLO	270	284	0,95	322	326,4	0,96

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

SPEIS02	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ARTEIXO	398	330	1,21	345,6	362,4	1,26
SPEIS03	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS BOIRO	452	498	0,91	449	424,4	0,86
SPEIS04	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS RIVEIRA	410	338	1,21	343,4	336,8	1,19
SPEIS05	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ORDES	211	191	1,1	237,2	247,8	1,15
SPEIS06	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ARZÚA	228	209	1,09	198,4	209	1,15
SPEIS07	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS BETANZOS	471	401	1,17	420,4	449	1,25
SPEIS08	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS AS PONTES	257	170	1,51	239,2	256	1,62
SPEIS09	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS CEE	360	185	1,95	230,4	231,2	1,95
SPEIS10	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS SANTA COMBA	172	137	1,26	167	171	1,29

- Indicadores de eficiencia: obtéñense da división do custo da actividade entre o número de usuarios do ámbito de cobertura

Actividade	Descrición da Actividade	Custe (1)	Número Usuarios (2)	Indicador A: (1)/(2)
DOC	EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS	199,70	0.00	0.00
SPEIS01	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS CARBALLO	1.085.003,51	67.061	16,18
SPEIS02	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ARTEIXO	1.096.155,35	166.242	5,59
SPEIS03	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS BOIRO	1.035.107,15	94.305	10,98
SPEIS04	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS RIVEIRA	724.302,52	45.288	15,99
SPEIS05	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ORDES	1.054.442,75	50.548	20,86
SPEIS06	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ARZÚA	1.038.990,65	32.389	32,08
SPEIS07	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS BETANZOS	1.094.945,16	40.048	27,34
SPEIS08	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS AS PONTES	1.033.581,23	81.973	12,61
SPEIS09	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS CEE	1.049.740,49	45.008	23,32
SPEIS10	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS SANTA COMBA	974.186,82	55.967	17,41

- Indicador de medios de produción: tómase como referencia o número de efectivos de cada centro de custe.

Actividade	Description da Actividade	Custe de Persoal (1)	Número de Persoas Equivalente (2)	Indicador de Produción (1/2)
DOC	EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS	181,67	0	0

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 08/07/2026 14:47

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 08/07/2026 14:46

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
343c28a0b490b80f245fd7c67012c4fc5863fdca

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA *NIF: V15859481 - RELGA: CO 2002/01*
Polígono Industrial Bertoa, Parcela G2. 15105 – CARBALLO (A Coruña) – Tel: 981. 416. 000

SPEIS01	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS CARBALLO	949.293,52	23	41.273,63
SPEIS02	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ARTEIXO	938.633,37	26	36.101,28
SPEIS03	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS BOIRO	925.475,52	23	40.238,07
SPEIS04	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS RIVEIRA	630.019,12	18	35.001,06
SPEIS05	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ORDES	950.406,28	23	41.322,01
SPEIS06	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS ARZÚA	945.764,53	20	47.288,23
SPEIS07	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS BETANZOS	967.750,87	23	42.076,12
SPEIS08	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS AS PONTES	924.777,93	20	46.238,90
SPEIS09	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS CEE	945.766,03	20	47.288,30
SPEIS10	PREVENCION/EXTINCION INCENDIOS SPEIS SANTA COMBA	886.951,64	20	44.347,58

Dilixencia: Esténdese para facer constar que este documento foi modificado con posterioridade ao seu ditame pola Comisión especial de contas coa finalidade de eliminar un dato erróneo, en concreto o cálculo do coeficiente de cobertura global, tal e como se puxo de manifesto na dilixencia nº 15 emitida na tramitación da auditoría financeira das contas anuais do exercicio 2025, polo interventor adxunto da Deputación Provincial da Coruña.

En Carballo na data da sinatura dixital

A secretaria interventora
María Graciela Riveiro Moreira

O presidente
Valentín González Formoso